


### Datos moi importantes antes de comezar:

- **Son actividades para facer en familia.** Polos ingredientes e procedementos dalgúns experimentos debemos estar baixo a vixilancia de adultos.
- **O máis importante é desfrutar do proceso.** Non pasa nada se o resultado non é satisfactorio, só é unha oportunidade máis de activar o noso razoamento lóxico e pensar en que puido saír mal e como se pode solucionar. Se considerades que non ten solución, sempre podedes comezar de novo cambiando os aspectos que consideredes oportunos. Imaxinación ó poder!!
- **CONSELLO:** se ides usar colorantes recomendamos os que son líquidos. Se tedes os que son tipo xel é mellor que os disolvades en auga primeiro.



**A DIVERTIRSE!!!**

## O BURATO NA MAN

Máis que un experimento trátase dunha ilusión óptica para a que so precisamos un folio branco.

Fai un tubo co papel, preferiblemente pola parte máis curta, podes poñer un anaco de cinta adhesiva para que o tubo non se desfaga. O ancho do tubo debe ser o suficiente para ver a través del co ollo aberto, é dicir, do tamaño do ollo aproximadamente.



Agora coloca o tubo no ollo dereito e pon a man esquerda ó carón do final do tubo, diante do ollo esquerdo. Se te os ollos ben abertos... **TES UN BURATO NA MAN.**

Se queres podes probar a poñer a man máis preto do ollo ou máis lonxe e ver que pasa con ese burato.



## PESCAR CUBOS DE XEO

Para practicar esta pesca tan curiosa precisamos:

Unha fonte con auga

Cubos de xeo

Sal

Fío



Mete os cubos de xeo na fonte con auga e coloca o fío sobre un dos cubos de xeo, asegúrate de que o fío está en contacto co xeo e mantén os dous extremos do fío fora do recipiente. Engade unha pouca sal ó xeo co fío e espera 5 minutos. Proba a levantar o xeo colléndoo polos extremos do fío, a ver se o pescaches.



Cando engadimos sal ó xeo, o punto de conxelación diminúe, o xeo desconxébase lixeiramente e o fío vaise introducindo no xeo. Pero cando o sal disólvese co resto da auga, o punto de conxelación volve a subir e a auga conxébase ao redor do fío.

## INFLADO AUTOMÁTICO

Se queres inflar un globo sen soprar precisarás:

Botella

Vinagre

Globo

Bicarbonato



Primeiro enchemos  $\frac{1}{4}$  da botella con vinagre e despois, coa axuda dun embude, botamos dúas culleradas pequenas de bicarbonato dentro do globo. Agora encaixamos o globo da boca da botella e deixamos caer o bicarbonato no vinagre. A reacción do bicarbonato co vinagre, que xa coñecemos de experimentos anteriores, fai que o globo se infle só.

## PINTURA CON SAL

Para facer esta “atividade” precisarás:

Cartolina

Cola branca

Sal

Témperas, acuarelas ou colorantes

Contagotas ou un pincel






Comezaremos facendo un debuxo na cartolina coa cola branca, queda xenial se deixas caer a cola directamente do bote, pero tamén podes facelo cun pincel se o prefires. Cando xa temos o debuxo rematado cubrimos o pegamento con sal, botamos sal por todo o pegamento e sacudimos o sal que sobra se é preciso. Agora temos o debuxo listo para pintar.

Se vas usar **colorantes** líquidos como os que se ven na foto, podes botar pingas sobre o sal directamente do bote do colorante. Mestura as cores ó teu gusto, xa verás que bonito queda. Se polo contrario vas usar colorantes en xel, recorda que é preciso diluílos en auga primeiro, neste caso podes usar o contagotas ou mollando o pincel dando toques suaves no sal.

Se prefires usar **témperas** o procedemento é o mesmo que o dos colorantes en xel, debemos diluílas para que estean o suficientemente líquidas para usar o contagotas ou o pincel.



E por último, se prefires as **acuarelas**, so tes que mollar ben o pincel en auga e logo na cor que máis che guste. Recorda que para pintar o sal co pincel debemos dar toqueciños suaves. Se ves que a cor non se espace ben polo sal, humedece un pouco máis o pincel.

**Podemos observar como o sal absorbe a pintura e recorre a nosa obra de arte. Ao cambiar de cor esta mestúrase coas outras creando tonalidades diversas.**



**Espero que desfrutedes moito destes experimentos**

**Unha aberta familia**